



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Manuel Campos Vela (1 para 1)
Alcalde de Cuntis
Data de Síntoma: 09/08/2017
HASH: af68948de2ad0d1dd25a9d52e9d976c5

CONCELLO DE CUNTIS
REGISTRO SALIDA
2017-S-RC-1389
09/08/2017 10:00



Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS
Rúa Varsovia, 4C, 6º andar - Área Central
15707 - Santiago de Compostela

ASUNTO: Traslado do acordo sobre as restricións do Goberno de España ás remunicipalizacións dos servizos públicos

Por medio da presente, remítenselle certificado do acordo adoptado na sesión ordinaria do Pleno de data 1 de xuño de 2017, relativo a unha moción sobre as restricións do Goberno de España ás remunicipalizacións dos servizos públicos en referencia as disposicións adicionais 27 e 35 que afectan directamente á autonomía dos Concellos.



Cod. Validación: 4ZCD7KGE56NG94R59MYAE6FH | Correción: http://concellodecuntis.sedelectronica.gal/verificacionsintoma?codvalidacion=4ZCD7KGE56NG94R59MYAE6FH | Data: 10/08/2017 | Versión: 1.0 | Documento emitido electrónicamente



Praza da Constitución

Teléfono 986 54 80 05

C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Vanessa Reboredo Fraga (1 para 2)
Secretaria accidental
Data de Síntoma: 09/08/2017
HASH: fabaa5af70a857b3d5dd4c51ae148ea92

Manual Campos Valey (2 para 2)
Alcalde de Cuntis 09/08/2017
HASH: af68948de2ad0c1da25a9d52e99d9765

Dna. VANESSA REBOREDO FRAGA, SECRETARIA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE CUNTIS,

Certifico: Que o Concello en Pleno, en sesión ordinaria do 1 de xuño de 2017, adoptou o seguinte acordo que copiado literalmente di así:

13.1- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL VECIÑANZA Nº REXISTRO ENTRADA 2094 2017 CONTRA AS RESTRÍCIONES DO GOBIERNO DE ESPAÑA ÁS REMUNICIPALIZACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS

O pasado 4 de Abril o goberno de Mariano Rajoy presentou un proxecto de orzamentos do Estado cuxas liñas mestras fundamentais son o recorte no investimento, no medio ambiente, nas infraestruturas e sen ningún tipo de partida novidosa no que ten que ver coa política social. Ademais da continuidade na regresión social das políticas deste executivo, o orzamento contén dúas disposicións adicionais que afectan directamente á autonomía dos Concellos.

A Disposición Adicional número 27, titulada “*Limitacións á incorporación de persoal laboral ao sector público*” nega a posibilidade de incorporar como empregados públicos ás persoas traballadoras en empresas contratistas de obras ou servizos públicos no caso de que os contratos “*se extingan polo seu cumprimento, por resolución, incluído o rescate, ou se se adopta o secuestro ou intervención do servizo*”. Isto faise extensible ao persoal laboral que preste servizos en sociedades mercantía públicas, fundacións do sector público, consorcios, en persoas xurídicas societarias ou fundacionais que vaian a integrarse nunha Administración Pública.

A Dispoisición Adicional número 35, titulada “*Esixencia de responsabilidades nas Administracións Públicas e entidades dependentes das mesmas por utilización da contratación laboral*”, prohíbe que os órganos competentes en materia de persoal en cada unha das Administracións Públicas e das entidades que conforman o Sector Público Instrumental poidan atribuír a condición de indefinido non fixo a persoal cun contrato de traballo temporal, nin ao persoal de empresas que á súa vez teñan un contrato administrativo coa Administración respectiva, salvo por sentenza xudicial. Ademais, o apartado terceiro desta disposición adicional ameaza coa esixencia de responsabilidades ás persoas titulares dos referidos órganos de persoal, no caso de contraviren esta norma.

Estas dúas disposicións relativas ao persoal das empresas concesionarias que se inclúen no Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado, xunto coas limitacións da taxa de reposición de persoal ao servizo das administracións públicas que constitúe a denominada *doutrina Montoro*, impiden *de facto* a súa subrogación por parte dos concellos ou entidades de dereito público que deles dependan.

Esta reforma chega despois duns anos nos que as administracións públicas perderon o control do servizo público e acabouse por impor o interese privado de xeito que o lexislador non só non corrixiu os abusos empresariais senón que preparou e facilitou a súa comisión.

É un ataque directo contra os procesos de reversión de privatizacións por parte dos concellos. É un ataque, por tanto, cara á xestión directa dos servizos públicos, un dos mecanismos empregado polos concellos para poder levar a cabo unha atención planificada, regulada e participada.

É a xestión directa a que permite aos concellos levar a cabo unha mellor atención á ciudadanía, con maior capacidade de regulación sobre o funcionamento do servizo, favorecendo así a posta en marcha de mecanismos redistributivos, como o cobro pola prestación de servizos en función da renda.



Cod. Validación: X4SRCMABK47VNH2EH163ZCR | Corrección: http://concellodeuntis.sedelectronica.gal/ | Data: 2017-08-09 | Páxina: 1 | Díxitos: 4 | 7



Praza da Constitución

Teléfono 986 54 80 05

C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Ademais, a prestación directa de servizos permite exercer un control máis eficaz e transparente sobre a súa execución. Non só no referido á fiscalización da súa eficiencia, senón tamén no ético da súa actividade.

Os últimos anos, as ansias privatizadoras de todos os gobernos en todos os niveis da administración deron de si menos servizos públicos, máis caros e peores. Pero ademais unha opacidade tras a que se ocultaron e ocultan tramas de corrupción diversas.

As tramas Gürtel, Zeta ou Pokémon, por mencionar unicamente casos ocorridos en Galicia, son episodios que no se explican sen a externalización ou a privatización de servizos. Cada un destes casos está cargado de cobros de comisións irregulares, de contratacóns irregulares e de adxudicacións absolutamente discrecionais.

Pero ademais de amparar indirectamente este tipo de prácticas, as disposicións referidas contraveñen directamente o artigo 85.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que establece que os servizos públicos de competencia local haberán de xestionarse do xeito máis sostible e eficiente, ben a través de xestión directa, ben por un organismo local, a través de entidade pública empresarial local, ou por unha sociedade mercantil local. Se estas disposicións adicionais entraran en vigor, este artigo quedaría, na práctica, sen efecto.

Por estes motivos, proponse ao Pleno do Concello de Cuntis a adopción do seguinte

ACORDO:

- 1. Rexitar o intento de interferir na autonomía da administración municipal a través das Disposicións Adicionais Vixésimo Sétima e Trixésimo Quinta do Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para 2017, que pretende impedir os procesos de remunicipalización e xestión pública de servizos externalizados a través de concesións administrativas ou doutros contratos de servizos.**
- 2. Solicitar aos grupos políticos con representación nas Cortes Xerais que, no prazo de tramitación do Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para 2017, propoñan e apoien a supresión das disposicións adicionais Vixésimo Sétima e Trixésimo Quinta.**
- 3. Instar á Federación Galega de Municipios e Provincias e á Federación Española de Municipios e Provincias a manifestarse en contras das Disposicións Adicionais Vixésimo Sétima e Trixésimo Quinta do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2017.**
- 4. Instar ao Goberno Municipal de Cuntis a estudar as posibilidades de remunicipalizar servizos públicos que nestes momentos se prestan en réxime distinto ao da xestión municipal directa.**

E, para que así conste, expido a presente certificación, coa excepción prevista no artigo 206 do RD 2578/1986 polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por orde do Sr. Alcalde-Presidente e co seu visto e prace.



Cod. Validación: X4SRC5MAGK47WINH2EHT63ZDCR Corrección: http://concellodecuntis.sedelectronica.gal/

Documento autómaticamente electrónico emitido a título informativo en la dirección 202.172.145.124 el día 20/02/2017 a las 10:20:27